



| Teaching Guide | | | | |
|---------------------|---|--------|-------------------|---------|
| Identifying Data | | | | 2021/22 |
| Subject (*) | Practicum 3 | Code | 750G02035 | |
| Study programme | Grao en Podoloxía | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Graduate | 2nd four-month period | Fourth | Obligatory | 12 |
| Language | SpanishGalician | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | | | | |
| Department | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinador | Santalla Borreiros, Fátima | E-mail | f.santalla@udc.es | |
| Lecturers | Santalla Borreiros, Fátima | E-mail | f.santalla@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| General description | <p>Durante a realización do Prácticum 3 o alumno/a asume o último bloque das súas prácticas pre-profesionais. Estas prácticas desenvólvense na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) e en Servizos clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de que o alumno/a incorpore á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da súa profesión. O bloque práctico supón unha participación activa do alumno/a en o proceso asistencial sempre baixo supervisión do profesorado. Durante as mesmas poderanse desenvolver outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes. Antes do inicio das prácticas clínicas porase a disposición do alumno/a un anexo a esta guía na que se detallarán aspectos relacionados coa planificación, a metodoloxía e a avaliación da materia.</p> | | | |
| Contingency plan | <ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy | | | |

| Study programme competences / results | |
|---------------------------------------|---|
| Code | Study programme competences / results |
| A33 | Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé. |
| A35 | Coñecer e empregar as técnicas de exploración, diagnóstico e tratamentos dos tumores no pé. Coñecer e saber tratar as complicacións e efectos secundarios derivados da aplicación das técnicas de cirurxía podolóxica e quiropodolóxicas. |
| A36 | Integrar e aplicar na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante la carrera, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados. |
| A37 | Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía. |
| A38 | Realizar a historia clínica podolóxica e rexistrar a información obtida. |
| A39 | Desenvolver as técnicas de exploración física. |



| | |
|-----|--|
| A40 | Desenvolver a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía. |
| A41 | Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso. |
| A42 | Emitir un diagnóstico e pronóstico. |
| A43 | Deseñar o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. |
| A44 | Deseñar planes de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. |
| A45 | Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos. |
| A46 | Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. |
| A47 | Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. |
| A48 | Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. |
| A49 | Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. |
| A50 | Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e quirúrxicos. |
| A51 | Elaborar e interpretar informes clínicos. |
| A52 | Avaliar os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. |
| A53 | Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. |
| A54 | Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes. |
| A55 | Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía. |
| A60 | Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno. |
| A62 | Adquirir habilidades de traballo en equipo como unidade na que se estruturan de forma uní ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal relacionados coa prevención, avaliación diagnóstica e tratamento podolóxico. |
| A64 | Identificar e integrar a práctica profesional desde o respecto á autonomía do paciente; describir os elementos propios do manexo da documentación clínica con especial atención ós aspectos de confidencialidade; identificar os criterios básicos de xestión clínica, economía da saúde e uso eficiente dos recursos. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo. |
| B11 | Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo. |
| B12 | Capacidade de xestión da información. |
| B14 | Implicación na calidade e busca da excelencia. |
| B16 | Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo. |
| B17 | Capacidade de motivarse e motivar a outros. |
| B18 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B19 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B21 | Habilidades interpersonais. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
|--|---------------------------------------|-------------------|----------|
| O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos nas clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados. | A36 A60 | B19 | |
| Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía | A37 | | |
| Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida. | A38 | | |
| Desenvolve as técnicas de exploración física. | A39 | | |
| Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía. | A40 | | |
| Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso. | A41 | B12 | |
| Emite un diagnóstico e prognóstico. | A42 | | |
| Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. | A43 A62 A64 | | |
| Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. | A44 A62 | | |
| Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos. | A45 | B4 B17 | |
| Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. | A46 | | |
| Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. | A47 | | |
| Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. | A48 A49 | B7 B21 | C1 |
| Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. | A50 | | |
| Elabora e interpreta informes clínicos. | A51 | B7 B12 | |
| Avalía os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. | A52 | B14 | C4 |
| Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. | A53 | B11 B12 B16 | |
| Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes. | | B1 B3 B14 | C6 |
| Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía. | A55 | B6 | C4 C6 |
| O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico. | | B2 B18 | C3 |
| Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé. | A33 A54 | | C7 C8 |
| | A33 A35 A54 | | C7 C8 |

| Contents | |
|----------|-----------|
| Topic | Sub-topic |



| | |
|---|--|
| <p>Na materia Prácticum 3 o alumno/a aplica os coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno/a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p> | <ul style="list-style-type: none"> -Método clínico en podoloxía. -Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. -Técnicas de exploración física. -Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. -Probas complementarias e a racionalización do seu uso. -Diagnóstico e prognóstico. -Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. -Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. -Protocolos: execución e avaliación. -Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. -Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. -Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. -Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. -Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. -Elaboración e interpretación de informes clínicos. -Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. -Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. -Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. -Calidade asistencial na práctica da podoloxía. -Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas |
|---|--|

| Planning | | | | |
|-----------------------------|--|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Clinical practice placement | A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1 | 240 | 0 | 240 |
| Student portfolio | A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8 | 0 | 50 | 50 |
| Objective test | A35 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64 | 2 | 6 | 8 |
| Personalized attention | | 2 | 0 | 2 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



| Methodologies | |
|-----------------------------|--|
| Methodologies | Description |
| Clinical practice placement | <p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.</p> <p>O alumnado participará de forma activa, sempre baixo supervisión en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescripción, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución.</p> <p>Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obligatoria e non pode ser substituída por ningunha outra actividade.</p> <p>A ausencia a prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das causas recolleitas no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grado e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC debidamente acreditada (con xustificante con data do día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 7 días da ausencia na a través da plataforma Campus Virtual). O xustificante orixinal debe ser gardado polo alumno e ser solicitado polo coordinador/a da materia ante calquera dúbida.</p> <p>Terase dereito a non recuperar as prácticas ata un máximo de 3 ausencias xustificadas a prácticas.</p> <p>Cada ausencia xustificada adicional será penalizada con -0,25 puntos na avaliación continua do servizo no que se ausente.</p> <p>Un número maior a 8 faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas supoñerá o suspenso da materia.</p> <p>Calquer suposto que se presente no límite da presente norma será revisado polo coordinador da materia.</p> <p>A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación.</p> <p>Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 7 días desde a súa celebración (a través da plataforma Campus Virtual) e comunicar a intención de asistir con polo menos 30 días de antelación enviando un correo electrónico ao coordinador/a da materia.</p> <p>Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 2 ausencias a prácticas son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Congreso Nacional de Podoloxía- Xornadas Galegas de Podoloxía- Congresos Internacionais de Podoloxía- Congreso de Estudantes de Podoloxía <p>Todo o alumnado debe de asistir no grupo no que está inscrito, non existe a posibilidade de cambiar o grupo de prácticas.</p> <p>Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno/a deberá asinar á súa entrada e saída na CUP.</p> <p>A firma é a garantía da asistencia do alumno/á a práctica polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta á práctica clínica.</p> <p>A puntualidade na asistencia á práctica é de obrigado cumprimento polo que se rexistrará calquera atraso.</p> <p>As faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supoñer o suspenso da materia.</p> <p>Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica que á súa vez será quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisiones.</p> <p>Durante todas as prácticas o alumno/a deberá de levar pixama e calzado sanitario branco, limpo así como bolígrafo e lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normas da CUP en todo momento (http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/), o Plan de continxencia COVID-19, a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía moi especialmente no que ao segredo profesional refírese.</p> <p>O incumprimento da normativa de Clínica Podolóxica, o Plan de continxencia COVID-19, a normativa da UDC, normativa sanitaria e/ou Ley Orgánica de Protección de Datos de carácter Personal suporá o suspenso da materia.</p> |



| | |
|-------------------|---|
| Student portfolio | Este apartado consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica, a elaboración da historia clínica, petición de probas complementarias, elaboración de informes clínicos, etc. para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un pronóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas. Para iso todo o alumnado matriculado deberá elaborar e entregar a través da plataforma Campus Virtual en formato PDF unha tarefa individual. Ó comenzo de curso se lle facilitará ó alumnado toda a información relativa a dita tarefa, así como os criterios de avaliación e as indicacións e data de entrega. |
| Objective test | Nesta proba obxectiva avaliarase calquera das competencias a adquirir nos 3 Practicums. Este exame será de carácter teórico-práctico avaliando tamén os coñecementos teóricos aplicados á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores de cada Servizo da CUP. O tipo e planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data oficial de exame aprobada en Xunta de Facultade. |

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|-------------------|-------------|
| Student portfolio | |

Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|----------------|--|---|---------------|
| Objective test | A35 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 A54 A55 A60 A62 A64 | O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos. Para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes. En caso de suspender o exame dun Servizo non se fai media coa cualificación obtida no exame do outro servizo. A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodología (20%) | 40 |



| | | | |
|-----------------------------|--|--|----|
| Clinical practice placement | A33 A36 A37 A38 A39 A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A51 A52 A53 A55 A60 A62 A64 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1 | <p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumno das competencias a desenvolver neste Prácticum e en calquera dos 2 Practicums anteriores.</p> <p>A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes-aptitudes que cada profesor recollerá durante o desenvolvemento das prácticas clínicas.</p> <p>A porcentaxe global de cada Servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none">-Quiropodología-Cirurxía (20%)-Patomecánica-Ortopodología (20%) <p>É necesario superar cada apartado (5/10), é dicir superar as prácticas clínicas de cada Servizo para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems nunha ficha individual:</p> <ul style="list-style-type: none">-Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal.-Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica-Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico-Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación de tratamentos-Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación-Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo. <p>O incumprimento da normativa de Clínica, Plan de continxencia COVID-19 e/ou da lexislación vixente no que a protección de datos persoais refírese así como da normativa xeral da UDC suporá o suspenso da materia independentemente das cualificacións obtidas no resto de metodoloxías.</p> <p>Da mesma forma o incumprimento de ditas normativas pode supor tamén a expulsión da práctica clínica sen dereito a ser recuperada.</p> | 40 |
| Student portfolio | A49 B1 B12 C3 C4 C6 C7 C8 | <p>Avaliaranse todas as actividades que se programaron na planificación e metodoloxía do portafolio.</p> <p>Toda a información relativa á avaliación do portafolio detallarase o inicio de curso.</p> <p>O portafolio do alumnado ten un valor do 20% sobre a cualificación final.</p> | 20 |

Assessment comments

Sources of information



| | |
|----------------------|--|
| Basic | <p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básica e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información, consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas deste Prácticum. No entanto existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta clínica diaria e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da CUP. A modo de exemplo citamos:-Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007.-Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010.-Dockery GL. Cutaneous disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997.-Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 7ªed. España: EvieScience; 2012.-Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la evidencia. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2006.-Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006. -Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010.</p> |
| Complementary | |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

General Human Anatomy /750G02001
Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02002
General Physiology/750G02003
Physiology of Systems/750G02004
Biology/750G02005
Psychology/750G02006
Microbiology and Parasitology/750G02007
General Pathology/750G02008
Pharmacology/750G02009
Information and Communication Systems in Health Science/750G02010
Scientific Method and Public Health/750G02011
General Podiatry/750G02012
Biomechanics of the Lower Limb/750G02013
Radiology and Radiation Protection/750G02014
Preventive Podiatry/750G02015
Podiatric Orthopedics 1/750G02017
Podiatric Orthopedics 2/750G02018
Podiatric Orthopedics 3/750G02019
Digital Orthopedics and Footwear Therapy/750G02020
Podiatric Pathology 1/750G02021
Podiatric Pathology 2/750G02022
Physical Podiatry/750G02023
Dermatology/750G02026
Chiropody 1/750G02027
Chiropody 2/750G02028
Podiatric Surgery 1/750G02029
Podiatric Surgery 2/750G02030
Infection Prevention Techniques and Procedures/750G02032
Practicum 1/750G02033

Subjects that are recommended to be taken simultaneously



Pharmacological Therapy/750G02024

Sports Podiatry/750G02025

Diabetic Foot/750G02031

Practicum 2/750G02034

Subjects that continue the syllabus

Other comments

O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentales e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grado así como os impartidos simultaneamente no 2º cuatrimestre do 4º curso de grado, son relevantes para a práctica clínica e de obrigada coñecemento, feito que debe ser ter en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum 3, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostenible e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sostenible ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentales que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle en formato digital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, se empregará papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostenible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración del alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e provechoso a la vida universitaria Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. A fin de facilitar a conciliación familiar do profesorado do Practicum 3 aqueles/as docentes que así o estimen, poderán acordar cos alumnos/as que correspondan en cada rotación o cambio de hora de inicio e fin da práctica notificándoo ao persoal da CUP. Na realización dos traballos da materia, o plagio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, si é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tralo correspondente procedemento.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.